



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Dereito de familia | Código | 612G01013 | |
| Titulación | Grao en Dereito | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| 1º e 2º Ciclo | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Dereito Privado | | | |
| Coordinación | Rovira Sueiro, María Esther | Correo electrónico | maria.rovira@udc.es | |
| Profesorado | Díaz Teijeiro, Carlos María Raposo Arceo, Juan Jesus Rovira Sueiro, María Esther | Correo electrónico | carlos.diaz.teijeiro@udc.es juan.raposo.arceo@udc.es maria.rovira@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>A asignatura Dereito de Familia se ubica no primeiro cuatrimestre do segundo curso do grao en Dereito da Facultade de Dereito da Universidade de A Coruña. A localización de esta materia neste punto do plano de estudio concíbese como unha proxección específica no ámbito das relacións de familia dos coñecementos previamente adquiridos sobre o Dereito da persoa en xeral. O Dereito de familia trata de acercar ao estudante á realidade social e xurídica da familia para que coñeza íntegramente a dimensión dos problemas que xurden nas relacións familiares e a resposta que ofrece o ordenamento xurídico dende a perspectiva dos dereitos e liberdades da persoa no marco do Estado Social que consagra a vixente Constitución española. Esta materia pretende fomentar as capacidades que permitan aos estudantes adquirir o coñecemento das principais solucións xurídicas, a súa lóxica interna e a técnica que se utiliza coa finalidade de situalos en condicións de resolver os conflitos e controversias que poidan xurdir no marco das relacións de familia. Para alcanzar os fines e obxectivos propostos nesta asignatura abordarase o estudo do matrimonio como regulación xurídica paradigmática das relacións de parella, hoxe extendida a persoas do mesmo sexo, así como a diferenza entre os efectos personais e patrimoniais do matrimonio e o sentido das institucións relativas as crisis matrimoniais. Respecto a transformación do modelo tradicional de familia, se acercará ao estudante a análise doutras realidades familiares e o seu tratamento xurídico, diferenciando os argumentos de oportunidade política e os estrictamente xurídicos. En canto ás relacións paterno-filiais, se persigue que os estudantes asuman unha percepción real dos conflitos de intereses a que responden as normas que regulan esta materia, dende a perspectiva dos dereitos do menor e o seu interese preferente e prevalente. Se examinan igualmente neste contexto, as institucións de garda legal, as cuales se ubican nesta sede non solo polo remarcable carácter familiar que presentan, senón tamén para non recargar en exceso os contidos que se comprenden no primeiro curso de Dereito Civil relativo á persoa.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecemento das principais institucións xurídicas. |
| A2 | Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais. |
| A3 | Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico. |
| A4 | Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos. |
| A5 | Coñecemento dos principios e valores constitucionais. |
| A6 | Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual. |
| A7 | Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional. |
| A8 | Coñecementos básicos de argumentación xurídica. |
| A9 | Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais). |
| A10 | Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico. |
| A11 | Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos. |
| A13 | Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito. |



| | |
|-----|--|
| A14 | Capacidade de elaboración de normas. |
| A15 | Capacidade de negociación e mediación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | Aprender a aprender. |
| B7 | Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B8 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora. |
| B9 | Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. |
| B10 | Traballar de forma colaborativa. |
| B11 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B13 | Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|---|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer a función do Dereito de Familia como sistema regulador das relacións familiares tanto no ámbito personal como patrimonial. | A1 A2 A3 A4 A7 | B6 B8 B9 B10 B2 B3 B5 | |
| Coñecer os dereitos, principios e valores constitucionais que resultan de aplicación á familia a ás relacións entre familiares. | A1 A2 A3 A4 A5 A8 | B6 B8 B9 B10 B2 B3 B5 | |
| Comprender a evolución social e xurídica do modelo de familia comparando a súa realidade histórica e actual. | A1 A2 A3 A4 A5 A6 | B6 B8 B9 B10 B2 B3 B5 | C8 |
| Manexar as leis, a xurisprudenza e a doutrina existente en materia de Dereito de Familia. | A9 A14 | B6 B10 | |



| | | | |
|---|-----------|-----|----------|
| Interpretar e analizar críticamente as normas integrantes do Dereito de Familia no seu correspondente entorno casuístico. | A10 | B4 | C4 C7 |
| Utilizar os métodos alternativos de solución de conflitos familiares. | A8 A15 | | |
| Resolver de xeito efetivo os conflitos de familia fomentando o mantemento das relacións intersubxetivas entre familiares. | | B7 | |
| Afrontar os conflitos de familia cumprindo coas exixencias éticas propias da profesión e asumindo a responsabilidade derivada da actuación profesional. | | B11 | |
| Comprender e redactar os documentos xurídicos cuxo otorgamento exixen as relacións de familia. | A11 | | |
| Dominar as novas tecnoloxías aplicables ao Dereito de Familia. | A13 | B13 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| A FAMILIA E O DEREITO DE FAMILIA | Composición da Familia Dereito de Familia, Código e Constitución. Caracteres do Dereito de Familia. Evolución da Familia. |
| TEMA 2 A OBRIGA DE ALIMENTOS | Natureza e caracteres. Suxeitos Obxeto e contido Nacemento e extinción |
| TEMA 3 O MATRIMONIO | Concepto e natureza A evolución da regulación do matrimonio en España. O matrimonio entre persoas do mesmo sexo. A promesa de matrimonio. As parellas de feito |
| TEMA 4 REQUISITOS DO MATRIMONIO | O expediente matrimonial. A capacidade matrimonial. O consentemento matrimonial. A forma do matrimonio. A inscrición do matrimonio no Rexistro Civil. |
| TEMA 5 OS EFECTOS DO MATRIMONIO | Os efectos personais e patrimoniais do matrimonio. O principio de igualdade xurídica entre os cónxuxes. Os deberes conxugais O domicilio conxugal |
| TEMA 6 A NULIDADE E SEPARACIÓN | As crises matrimoniais A nulidade do matrimonio A separación matrimonial A disolución do matrimonio. O divorcio. A mediación familiar |
| TEMA 7 EFECTOS COMÚNS Á NULIDADE, SEPARACIÓN E DIVORCIO | Medidas previas á presentación da demanda Medidas provisionais derivadas da admisión da demanda Medidas definitivas: contido |
| TEMA 8 O MATRIMONIO E A SUA ECONOMIA | Os aspectos patrimoniais do matrimonio O réxime económico matrimonial primario As capitulacións matrimoniais Oas doazóns por razón do matrimonio |
| TEMA 9 A SOCIEDADE DE GANANCIAIS (PARTE PRIMEIRA) | Concepto e natureza e comezo Masas patrimoniais: bens gananciais e privativos A autonomía da vontade na determinación dos bens da sociedade de gananciais. A proba da pertenza dos bens: A presunción de ganancialidade |



| | |
|---|--|
| TEMA 10 A SOCIEDADE DE GANANCIAIS (PARTE SEGUNDA) | Cargas da sociedade de gananciais Réxime de responsabilidade dos bens gananciais Xestión e disposición dos bens gananciais Actos anómalos e irregulares O deber de información |
| TEMA 11 A SOCIEDADE DE GANANCIAIS (PARTE TERCEIRA) | Causas de disolución da sociedade de gananciais Comunidade posterior a disolución Liquidación e división da sociedade de gananciais As atribucións preferentes Liquidación en caso de pluralidade de sociedades Os bens gananciais e o Rexistro da Propiedade |
| TEMA 12 O RÉXIME DE SEPARACIÓN DE BENS | Concepto e caracteres. Vixencia Publicidade Principios inspiradores. O deber de contribución ás cargas do matrimonio. A presunción muciana de carácter concursal. |
| TEMA 13 O RÉXIME DE PARTICIPACIÓN | Concepto e características. Regulación aplicable ao réxime de participación. Vixencia e extinción. Normas de liquidación. |
| TEMA 14 A FILIACIÓN | Concepto, clases e efectos. Determinación da filiación matrimonial. Determinación da filiación non matrimonial. Accións de filiación. Accións de impugnación. Filiación derivada de técnicas de reprodución asistida. |
| TEMA 15 A PATRIA POTESTADE | Concepto, natureza e caracteres. Elementos subxetivos. Contido. Modificación, suspensión e extinción. |
| TEMA 16 AS INSTITUCIÓNS DE GARDA | Descrición do sistema. As institucións de garda na Lei 8/2021 |
| TEMA 17 O ACOLLEMENTO | Tipos. Procedemento. Extinción. |
| TEMA 18 A ADOPCIÓN | Características xerais Adoptantes. Adoptado. Procedemento. Efectos. Extinción. |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-----------------------|------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Actividades iniciais | A8 A10 A12 B10 B11 B12 B2 B4 C4 | 6 | 3 | 9 |



| | | | | |
|---------------------------|--|----|----|----|
| Discusión dirixida | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A15 B6 B7 B8 B9 B3 C7 | 3 | 3 | 6 |
| Lecturas | A1 A2 A3 A4 A6 A9 A11 B3 B5 | 3 | 3 | 6 |
| Prácticas a través de TIC | A9 A13 B6 B13 B5 | 2 | 4 | 6 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A4 A5 A6 A7 B2 B3 | 21 | 20 | 41 |
| Estudo de casos | A1 A2 A3 A4 A6 A9 A10 B7 B10 B11 B12 B2 B3 | 12 | 16 | 28 |
| Proba obxectiva | A1 A2 A3 A5 A6 A12 | 2 | 20 | 22 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A4 A6 A10 A11 A14 B9 B10 B2 B3 B4 B5 C8 | 2 | 19 | 21 |
| Atención personalizada | | 11 | 0 | 11 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Esta actividade consistirá na explicación por parte do profesor e durante a primeira aula do curso, da Guía Docente, de xeito que os estudantes poidan ter una idea clara da forma na que vaixe desenrrolar o cuadrimestre. |
| Discusión dirixida | Esta actividade será realizada de xeito presencial e consistirá na posta en común de opinións sobre unha materia ou ben na resolución común de problemas actuais que estean directamente relacionados con obxecto de estudo. |
| Lecturas | Lecturas de libros, artigos ou sentencias en sesións presenciais ou non presenciais. |
| Prácticas a través de TIC | Trátase de que os estudantes manexen as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e comunicación precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe. Esta actividade require atención personalizada en traballo presencial e traballo no presencial. |
| Sesión maxistral | As sesións maxistras constituirán un apoio ao estudo do manual recomendado, co obxecto de facilitar a comprensión dos conceptos, figuras e cuestións esenciais da asignatura. |
| Estudo de casos | Se propondrán casos prácticos que deberá resolver o alumno. O obxectivo dos casos será colocar ao alumno en situacións parecidas as que sobreveñen na práctica cotidián das distintas profesións xurídicas. |
| Proba obxectiva | Cando remate o cuadrimestre realizarase un examen escrito de preguntas para desenrrolar ou ben un examen tipo test, a elección do profesor. O examen versará sobre os contidos da materia expostos e explicados durante o cuadrimestre. |
| Traballos tutelados | O profesor suxerirá o desenrolo de traballos tutelados, individuais ou en grupo, sobre un tema concreto. Estes traballos deberán ser expostos oralmente na clase, si o profesor así o especifica. Esta actividade precisa de traballo non presencial e atención personalizada. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



| | |
|---|---|
| Prácticas a través de TIC Traballos tutelados Estudo de casos | <p>No referente as practicas mediante TICS, preténdese que cada un dos estudantes poida realizar a súa labor nun posto informático, en donde despois de impartir unhas explicacións xerais sobre o manexo da ferramenta tecnolóxica, o profesor encargará a realización de concretas actividades que serán supervisadas persoalmente. Durante a actividade do estudo de casos, parte do traballo do alumno debe desenrollarse co profesor presente; de tal modo que se poidan plantexar consultas personalizadas ao mesmo.</p> <p>Se prevé que o estudo final e global dos distintos contidos da asignatura planteen dúbidas razoables, que deberán ser resoltas persoalmente polo profesor. Mediante a realización dos traballos tutelados, a atención personalizada do profesor é necesaria para encauzar e orientar o tema a tratar, ensinar sobre os aspectos metodolóxicos, seleccionar a bibliografía, resolver as dúbidas que vaian surxindo e asesorar en todas aquelas cuestións que requiran os estudantes.</p> |
|---|---|

| Avaliación | | | |
|-----------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba obxectiva | A1 A2 A3 A5 A6 A12 | Consistirá nun examen escrito de preguntas para desenrollar, ou ben nun examen tipo test, según decida o profesor da asignatura na quenda correspondente. | 80 |
| Estudo de casos | A1 A2 A3 A4 A6 A9 A10 B7 B10 B11 B12 B2 B3 | Resolución de casos prácticos. Esta actividade poderá ser substituída pola realización doutras actividades propostas polo profesor da asignatura na quenda correspondente (comentario de textos jurídicos, sentencias, autos, noticias, etc) | 20 |

| Observacións avaliación |
|---|
| <p>A nota de fora de examen se garda ata a segunda convocatoria.</p> <p>- Os alumnos que teñan solicitado e concedido o "recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia" poderán realizar o examen sobre 10 puntos.</p> <p>No caso de que o alumno copie no exame o plaxie algún traballo , terá a calificación de 0 presentarse a oportuna solicitude para a incoación dun procedemento disciplinario.</p> |

| Fontes de información | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | - Martínez de Aguirre Aldaz, C. (coord.) (2021). Curso de Derecho Civil IV: Derecho de familia. Edisofer, Madrid Recoméndase a utilización de calquera manual que estea actualizado a setembro de 2021 debido a que debe conter as importantes reformas introducidas pola Lei 8/2021, do 2 de xuño pola que se reforma a lexislación civil y procesual para o apoio das persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.. |
| Bibliografía complementaria | - AAVV Bercovitz Rodríguez-Cano coordinador (2023). Manual de Derecho Civil. Derecho de Familia. Bercal |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Dereito da persoa/612G01007 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Dereito de obrigas e danos/612G01016 |
| Materias que continúan o temario |
| Dereito da Contratación/612G01024 Dereitos Reais/612G01027 Dereito de Sucesións/612G01034 |
| Observacións |
| <p>Se aconsella aos estudantes seguir o sistema de avaliación continua asistindo regularmente as aulas (teóricas e prácticas) e realizando os traballos non presenciais que sexan encargados polo profesor.</p> <p>Só os alumnos que soliciten e se lle conceda o "recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia" poderán realizar o examen sobre 10 puntos.</p> |



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías